

A metáfora, como figura de dicción mediante a que se identifican dous obxectos distintos que gardan unha relación de semellanza, é quen de agochar en *Á sombra dos anacardios* unha simboloxía que traspasa as fronteiras da linguaxe poética, empregada con fins embelezadores ou expresivos, para se instalar nos sentidos que evocan auténticas sensacións vitais para o desenvolvemento.

Un desenvolvemento que en lugares de África como Guinea está sendo un obxectivo fundamental para determinadas organizacións que pretenden a través da educación favorecer a paz e a vida. Así a Asemblea de Cooperación pola Paz, que pretende xerar conciencia crítica e facer que as persoas contribúan de maneira activa a construír unha sociedade civil comprometida coa solidariedade, cunha atención constante á xustiza e á dignidade humana, une os seus esforzos aos da ONG guineana ALTERNAG e á xenerosidade do autor Antón Fortes para a través da literatura amosar un anaco de realidade baixo a perspectiva da es-

# Actitudes positivas

## Do desexo de superación

MARÍA NAVARRO



peranza e da alegría.

Basta con ollar os personaxes do conto para imaxinar desexos e anhelos, abonda con analizar determinados xestos para decatarse da valentía das persoas, chega con botar unha ollada aos movementos cotiáns para

coñecer a base económica que sustenta á poboación. Trátase de consolidar actitudes positivas cara aos demais afondando no común e clemento doutros mundos, doutras realidades. E a literatura proporciona neste sentido un sementeiro onde agroman os xermolos do optimismo, da solidariedade e da paz.

Entre clases, as visitas ao hospital, as vendas no porto ou no centro, os xogos baixo o anacardio e a casa móvense os personaxes do conto. Mais un acontecemento como unha festa onde os pequenos se disfrazan rompe coa rutina cotiá e leva diversión alí onde nalgún momento houbo deses-

peración. Participan nos bailes e esquecen os momentos negativos tentando lembrar o que de bo ten aprender palabras, conversar cos amigos, expresar sentimentos ou escoitar as alentadoras palabras do doutor Vieira. Non hai tristeza, nin resentimento na protagonista, só aceptación da realidade e desexo de superación, intencións que coñecemos porque o anacardio se converte en confidente, refuxio da rapaza que non dubida en acudir unha e outra vez descansar baixo a súa sombra.

O froito da árbore, chamado tamén anacardio de sabor agriñoce vén a ser unha metáfora do conto, mestura de amargura e alegría que ten na esperanza dun mundo mellor o seu remedio, da mesma forma que a pel do citado froito posúe propiedades medicinais e é empregada na elaboración de produtos farmacéuticos.

Pola súa parte, a mensaxe positiva cargada de esperanza é representada pola ilustradora italiana Simona Mulazzani con cores vivas e personaxes de aspecto saudable.

FORTES,  
Antón/MULAZZANI,  
Simona, *Á sombra dos anacardios*, OQO Ed.,  
Pontevedra, 2010,  
PVP 20 €